

## Libros

*Alfonso Ojeda e Álvaro Hidalgo (eds), "North Korea and Regional Security / Corea del Norte y la Seguridad Regional", Madrid, editorial Verbum, 2007, 186 páxinas, ISBN: 84-79623594.*

**E**sta obra abrangue unha recompilación de nove traballos elaborados por expertos dentro do marco da celebración do seminario que leva por título "Consecuencias de la crisis nuclear en la Península Coreana", organizado polo Centro de Investigaciones Coreanas (CEIC) acerca da evolución dos acontecementos que ameazan con liquidar as perspectivas de seguridade e estabilidade en todo o territorio coreano. A obra tamén inclúe o texto completo da declaración conxunta emitida polas seis nacións.

A actual crise é remarcada polo enfrontamento entre a estratexia global de EUA e a estratexia de supervivencia de Corea do Norte, o conflito entre aqueles que buscan manter a estrutura da Guerra Fría no nordeste de Asia e aqueles que recomendan o seu desmantelamento e a competición entre catro poderes veciños por influír na península Coreana para asegurarse unha posición vantaxosa na nove orde que se está a formar en Asia oriental.

Unha resolución pacífica respecto da cuestión nuclear de Corea do Norte requirirá unha aproximación diplomática en función da cal EUA acepte proporcionar ao Norte outra oportunidade de transformarse "nun Estado normal". Unha vez que Corea reciba garantías de seguridade por parte de Washington, hai una posibilidade real de que esta abandone as armas nucleares e aplique reformas e unha política de maior apertura.

Partindo de que a crise nuclear de Corea do Norte é un "produto das hostís relacións entre Corea do Norte e EUA", a solución pode demostrarse evasiva ata que ambos países non sexan capaces de manter discusións serias baseadas na confianza mutua e no principio de coexistencia pacífica. Polo tanto, Estados Unidos debe prover a Corea do Norte dunha nova oportunidade de integración na comunidade internacional, aínda que é imperativo para Pyongyang non deixar pasar esta oportunidade.

O escenario ideal sería un acordo conxunto nas conversas das seis nacións sobre o paquete de enerxía en substitución do Acordo Marco de 1994. Ademais, todos os acordos entre a Organización da Enerxía na Península Coreana (KEDO, siglas en inglés) e a República Popular Democrática de Corea puideran ser tamén reaxustados á nova situación.

Nembargantes, isto require unha gran coordinación dos esforzos nas conversas das seis nacións e un compromiso a nivel da KEDO, unha coordinación moito máis próxima da existente ata hoxe. O reto estaría, certamente, nos gobernos, suficientemente flexibles e meticulosos para estar preparados para esa clase de sincronización.

En canto aos países que conforman as conversas a seis bandas podemos sinalar que China, anfitriona e mediadora principal entre EUA e Corea do Norte, aposta pola vía diplomática. Beijing identificou a mellor maneira de gañar amigos e influencia no Leste de Asia a través do multilateralismo. Por unha banda, como o método que mellor organiza os intereses na rexión substituíndo os acercamentos ó illamento, a confrontación mediante "poder duro", ou o bilateralismo intermitente. Ao mesmo tempo, o multilateralismo é unha táctica que lle aporta unha vantaxe asimétrica. Se EUA e Xapón evitan o multilateralismo na rexión, China gañará puntos neste descoidado aspecto.

En xeral, o multilateralismo de China foi unha construtiva resposta asimétrica ao unilateralismo estadounidense máis que unha oposición simétrica. Ao tempo que China adopta a "relixión" do multilateralismo, permanece agnóstica sobre as formas que o multilateralismo pode e debe tomar.

Corea do Sur comezou a transformar o seu punto de vista respecto de Corea do Norte e o seu entendemento económico respecto a China. Corea do Norte non servirá máis como "principal inimigo". Corea do Sur fixo esforzos para impulsar o país economicamente (a través de Kaesong), culturalmente (por medio de intercambios), militarmente (discusións sobre as disputas no mar do Leste) e incluso politicamente.

A posición rusa mantívose invariable dende que se celebrou a primeira rolda de conversas a seis bandas. En opinión de Moscova, as ameazas de levar o caso ao Consello de Seguridade das Nacións Unidas e as ameazas económicas unicamente agudizarán o illamento internacional e a radicalización do réxime.

En resumo, o réxime norcoreano é un problema complicado para Beijing, Seúl, Tokio e Washington, pero non tanto para Rusia. Moscova apoia o réxime de Pyongyang e é reticente a calquera cambio no *status quo* da península coreana.

*Marola Padín Novas.*

***Chris Hedges, "American Fascists: The Christian Right and the War on America", Nova York, 2006, Free Press, 254 páxinas.***

**D**ende a chegada dos primeiros colonizadores de Nova Inglaterra, a relixión e a forza foron empregadas para expandir a dominación dos intereses dun grupo sobre os demais no contexto e o mito nacional estadounidense. Hoxe en día, e sobre todo desde o inicio do mandato do actual presidente Bush, vense estudando moito como esta mestura da relixión e o control afecta á conxuntura internacional actual –desde a guerra contra o terror ata as próximas eleccións presidenciais de 2008.

En *American Fascists*, sen necesariamente entrar no debate sobre a Administración Bush, Chris Hedges, maxistrado en Teoloxía de Harvard e antigo correspondente internacional de *The New York Times* durante máis de 20 anos, analiza a fondo

o movemento fundamentalista que sen dúbida apoia a Bush, pero cunhas metas que van alén do control da Casa Branca.

Nesta obra, Hedges documenta a politización do fundamentalismo evanxélico e o compara co ascenso dos movementos totalitarios. Nese sentido, o autor considera que o evanxelismo politizado se aproveita do declive do protestantismo dominante e a Igrexa Católica en EUA e propaga unha interpretación literal da Biblia e un nacionalismo bendito que conduciu ao movemento "dominionista" que xorde do Xénesis 1:26-31 onde Deus dá aos seres humanos o dominio sobre todo o que el creou: "enchede a terra e sometela".

Hedges explica que os "dominionistas" terán éxito e ameazarán o estado democrático se o resto da sociedade estadounidense segue co seu comportamento pasivo e tolerante ante a intolerancia evanxélica. Segundo un estudo citado por Hedges, non todos os protestantes evanxélicos nin fundamentalistas son "dominionistas". Os "dominionistas" son os que non conceden a lexitimidade ás outras diversas crenzas ou costumes cristiás. Representan un 13% da poboación estadounidense.

O movemento "dominionista" semella moito ao totalitarismo fascista, segundo o autor, pola súa firme confianza no liderado e a abolición total da dúbida, a ambigüidade e a incerteza por parte dos practicantes. Coa Biblia na man, os líderes aprópianse do idioma (loxocidio) e non respectan aos que non comparten a súa ideoloxía do odio. Posta a súa crenza nas verdades absolutas da Biblia, néganlles aos demais o dereito de autodefensa ao seren atacados mentres se exoneran a eles mesmos, como atacantes, da responsabilidade dos seus actos.

A maioría do libro detalla os diversos aspectos totalitarios proclamados polos "dominionistas" baixo a careta do Evanxeo e porqué moita xente o acepta. Para moitos, sobre todo os pobres e a xente que se atopa en estado vulnerable, o movemento ofrece a estabilidade. Profetízase a capitalización da fe –a prosperidade económica por vía de Xesucristo. Promesas de seguridade e liberación do medo (da pobreza, a morte, a droga, a violencia doméstica, etc) a través da comunidade cristiá van xuntas coa condenación absoluta sen Xesucristo –sen a aceptación cega de toda proclamación do movemento. Entón, Hedges di, trátase do control. Para ocultar esta realidade, hai unha primacía notable no masculino; un instrumento promove o crecemento da familia, as normas sexuais (anti-homosexuais) e oculta a emasculación da submisión á autoridade do movemento.

Se non hai medo dentro do núcleo do movemento, todo o que está fóra representa unha ameaza existencial. O autor explica como os "dominionistas", case inexplicablemente, proclaman o perigo que representa a homosexualidade. Segundo eles, os homosexuais, que non poden procrear, recrutan os mozos para socavar a estabilidade da familia; e se os cristiáns non actúan na súa contra, Deus punirá á nación. Hedges cóntanos da súa visita a un congreso evanxélico para "curar" aos parentes e familiares homosexuais dos crentes.

A ciencia tamén representa unha gran ameaza ao movemento. A ensinanza da evolución nas escolas públicas non é nada máis que o gran plan para o xenocidio dos cris-

tiáns por parte dos humanistas segrares. O "Darwinismo", como "instrumento de Hitler, Stalin e Pol Pot de matar ou ser matado" será a xustificación para exterminar aos crentes.

Hedges explica como os evanxélicos fundamentalistas en EUA séntense en estado de sitio. O problema é que se a súa meta é destruír o humanismo, o laicismo, a homosexualidade, etc, pois todas estas forzas deben de estar ao ataque contra o cristianismo. Este medo é o que une o movemento baixo o patriotismo e a Biblia. Segundo o autor, é o paradoxo da tolerancia. Os "dominionistas" non aceptan o relativismo cultural e é este mesmo o que permite a existencia da dereita cristiá. A vitimización proclamada polo movemento oculta o seu verdadeiro plan. Chegou o momento de que o resto do pobo estadounidense deixe de ser pasivo ante esta ameaza existencial á democracia.

*Jared D. Larson.*

**Brian Latell, "After Fidel: The Inside Story of Castro's Regime and Cuba's Next Leader",** *Palgrave MacMillan, 2005, 273 páxinas, ISBN: 1-4039-6943-4.* **Hal Klepak, "Cuba's Military 1990-2005: Revolutionary Soldiers During Counter-Revolutionary Times",** *Palgrave MacMillan, 2005, 340 páxinas, ISBN: 1-4039-7202-8.*

Cuba volve a estar no centro da atención. A "cesión temporal de poderes" de Fidel Castro ao seu irmán Raúl en xullo de 2006 levantou toda unha serie de especulacións sobre o futuro político da illa caribeña. Este interese tamén permitiu a aparición de estudos e investigacións sobre o futuro da revolución cubana.

Nesta recente produción editorial, dous libros ocupan un lugar preponderante. Un corresponde a Brian Latell, ex-investigador durante máis de trinta anos na Oficina Nacional de Intelixencia para América Latina da CIA. Síguelle o completo estudo de Hal Klepak, profesor de Historia no Colexio Real Militar de Canadá.

Latell e Klepak tratan con enfoques diferentes a realidade cubana. En *After Fidel...* un libro frecuentemente citado como referencia para diversos medios estadounidenses e latinoamericanos, a preocupación analítica de Latell céntrase principalmente nun tratamento psicolóxico dos irmáns Castro e como este factor influíu decisivamente no curso da revolución.

Facendo un completo manexo de informacións confidenciais e informes de intelixencia de alto nivel político, Latell ofrece un estudo probablemente máis novelístico e persoal cá académico. Realiza unha panorámica pola vida dos irmáns Castro, os asuntos confidenciais entre ambos e as percepcións de Fidel e Raúl sobre a realidade cubana e os personaxes e eventos que marcaron politicamente as súas vidas.

Un factor importante nas páxinas de *After Fidel...* corresponde á posible diferenciación persoal e ideolóxica entre Fidel e Raúl. Latell afonda nunha ambigua

percepción sobre o carácter presuntamente máis ideolóxico de Fidel, que contrasta coa perspectiva quizais máis pragmática (e incluso, por momentos, radical) de Raúl. Neste sentido, Latell semella máis interesado en satisfacer os intereses de determinados sectores da opinión pública estadounidense.

Non obstante, este enfoque de Latell, máis propio da escola "conductista" de análise política, ofrece poucas perspectivas sobre os futuros escenarios políticos cubanos. En varias páxinas, este ex-investigador da CIA límitase a ofrecer unha perspectiva "persoal" sobre a súa visión do futuro político de Cuba, con escasos contrastes con outras opinións e análises.

Se Latell preocupouse pola visión "psicolóxica", Klepak transita rigorosamente pola visión académica. O seu libro *Cuba's Military...* probablemente sexa a referencia máis exacta ata o momento sobre a historia, composición e natureza política das Forzas Armadas Revolucionarias de Cuba, popularmente coñecidas como as FAR.

Klepak outorga ás FAR o papel central e decisivo no futuro político de Cuba. Dentro dun amplo e completo manexo de fontes bibliográficas, o seu estudo ofrece unha interesante perspectiva histórica sobre a tradición nacionalista e revolucionaria das forzas armadas cubanas e como este factor permitiu afondar o proceso revolucionario socialista.

Sen obviar certos tratamentos polémicos e criticables sobre a natureza política do sistema socialista cubano (Klepak chega incluso a cualificalo subxectivamente como unha "ditadura"), o historiador canadense preocúpase pola situación actual das FAR trala desintegración da ex URSS e a perda dos seus aliados políticos e militares no mundo socialista.

Para Klepak, a necesidade de adaptar a situación de Cuba aos cambios políticos da "posguerra fría" posterior á caída do campo socialista, posibilitou a ascensión dunha era "pos-revolucionaria" nas FAR dentro do cualificado "Período Especial", a partir da década dos noventa. Deste xeito, as FAR viraron cara unha dinámica de actor "capitalista", permitindo o proceso de apertura socioeconómica en Cuba e desprazando levemente a súa anterior tradición "revolucionaria".

*Cuba's Military...* ofrece unha minuciosa investigación sobre as relacións internacionais das FAR, especialmente en relación a EUA (cuns contactos que non son tan inexistentes nin necesariamente tan conflitivos como se cre); Canadá, Europa, os países latinoamericanos e caribeños, China e Vietnam. Non obstante, dentro do actual escenario latinoamericano, nótase o escaso interese do autor en analizar con maior amplitude a estratéxica relación militar entre Cuba e a Venezuela de Hugo Chávez.

Klepak tamén ofrece unha análise sobre os cambios estratéxicos na política militar de defensa nacional e o papel político das FAR nunha eventual "transición" pos-Fidel. Neste sentido, o historiador canadense considera que nas FAR existe unha percepción quizais obsesiva por controlar todos os mecanismos dun posible proceso de reforma, a fin de non mergullar a Cuba nunha eventual e caótica transición, como ocorrera nalgúns rexións do espazo ex-soviético e Europa do Leste.

Historicamente, a situación xeopolítica de Cuba posúe un peso decisivo e determinante na configuración das súas forzas armadas e os seus enfoques estratéxicos. Por isto Klepak analiza os eventuais escenarios de invasión exterior, principalmente estadounidense, cara á illa caribeña.

Esta sensación de "ameaza exterior" dende EUA e a necesidade de dotarse dun eficiente marco de seguridade nacional, permitiron ás FAR construír unha eficiente estratexia de defensa cívico-militar que inclúe á totalidade da sociedade cubana. Neste sentido, o autor demostra porqué as FAR posúen un elevado nivel de lexitimidade, profesionalidade e prestixio dentro da sociedade cubana, constituíndose no actor central do proceso revolucionario e eliminando a súa imaxe de calquera reminiscencia represiva.

Con estes argumentos, Latell e Klepak tentan ofrecer súas particulares perspectivas sobre Cuba e o seu futuro. Probablemente, estes enfoques dependerán da dinámica dos acontecementos internos dentro de Cuba e das reaccións e os intereses exteriores, principalmente dende EUA, Europa e o éxodo cubano.

*Roberto Mansilla Blanco.*

***Miguel A. Murado, "La Segunda Intifada. Historia de la Revuelta Palestina", Ediciones del Oriente y del Mediterráneo, 395 páxinas, Madrid, 2006, ISBN: 84-96327-28-0.***

O conflito palestino-israelí transcende as fronteiras físicas en que se vén desenvolvendo durante todo o século XX e, especialmente dende a segunda metade, despois da creación do Estado de Israel no 1948. Trátase dun conflito internacionalizado dende as súas orixes coloniais e poscoloniais en que as potencias occidentais teñen unha responsabilidade non totalmente asumida ata hoxe. Trátase, ademais de dous pobos enfrontados por un territorio, nunha desigualdade de condicións das máis acusadas do planeta, que perfila claramente vítimas e verdugos, dunha representación simbólica da hexemonía occidental sobre o estratéxico Próximo Oriente, liderada polas potencias europeas primeiro e por EUA despois, e que conta co Estado de Israel como xendarme incómodo pero necesario.

Dito carácter simbólico é o que estendeu o imaxinario do conflito a toda a comunidade internacional, que, ben aliñada dun bando ou doutro, dificilmente pódese manter na neutralidade ou na indiferenza. A súa forza mediática é, polo tanto, unha arma arreboladiza, que ambos bandos utilizan, ben como lexitimación, ben como resistencia.

É neste aspecto en que o libro de Miguel A. Murado resulta especialmente interesante e revelador. Este polifacético autor, natural de Lugo, residiu cinco anos

nos territorios palestinos, traballando primeiro para as Nacións Unidas, e cubrindo a Segunda Intifada para a Axencia *Europa Press* e para o xornal *El Mundo*. Esta privilexiada tribuna outórgalle un punto de vista próximo e enriquecido polo día a día dos Territorios Ocupados. A súa crónica é xornalística, un complemento necesario para entender e, nalgúns casos, desmontar o imaxinario mediático que, a conta gotas, nos ofrecen os medios de comunicación convencionais sobre os últimos episodios do enquistado conflito.

A Segunda Intifada, desatada en setembro do 2001 coa provocadora visita de Ariel Sharon, aínda ministro de Defensa de Israel, á Explanada das Mesquitas en Xerusalén, tenta recuperar ese poder simbólico do que falamos, que tanto éxito tivera na Primeira Intifada Palestina (1987-1992) e que arrastrou a Israel a aceptar un proceso de paz longo e difícil, o coñecido Proceso de Oslo, que se estende toda a década dos noventa. O seu resultado máis salientable é a creación da Autoridade Nacional Palestina, ANP, institucionalización da Organización para a Liberación de Palestina, con Yassir Arafat, o seu histórico líder, á cabeza.

Neste sentido, é a primeira vez que se recoñece dende Israel e dende a comunidade internacional occidental o dereito a existir dun Estado palestino, que se estipula como obxectivo final do mencionado proceso de paz. Non obstante, o autor amósanos como o dito proceso nace morto, xa que Israel, primeiro co idealizado primeiro ministro Isaac Rabin á cabeza e con Ehud Barak despois, carece dunha vontade real para aceptar un Estado palestino soberano e viable política e economicamente.

O fracaso de Oslo, atribuído dende Israel a Arafat e a Autoridade Nacional Palestina, sérvelle de máscara ao Estado xudeu para destruír o construído durante a década dos noventa, acompañado dunha ofensiva mediática, que converte ao verdugo en vítima á que só lle queda a opción de se defender. Deste xeito, Arafat pasa de Nobel da Paz a terrorista internacional, e a súa eliminación primeiro política, e logo física, se converte nun obxectivo prioritario para Israel, que conta coa complicidade de EUA e o cómodo silencio da UE.

Miguel A. Murado, a través da súa crónica xornalística, sévese dos principais avatares do momento, como son os Acordos de Paz de Camp David no 2000, impulsados por un saínte presidente Bill Clinton, para desmontar a manipulación mediática israelí, e demostrar como Israel nunca tivo a vontade real de construír a paz, senón que converteu toda negociación nunha pantomima para se lexitimar e gañar tempo mentres o seu aparato militar desenvolvía a súa verdadeira estratexia: a anexión da maior parte posible dos territorios ocupados.

A explosión da Segunda Intifada, non fai máis que responder aos fracasos de Arafat e a súa ANP en Oslo, e á provocación do propio Israel que atopa así a escusa perfecta para empregar a fondo a súa fortaleza militar, xa con Ariel Sharon á cabeza do Estado. Desátase unha guerra de baixa intensidade, que por moito que transcendese mediaticamente polos atentados suicidas palestinos, ten no exército israelí a súa máxima forza destrutora, con episodios tan dramáticos como o do campo de refuxiados de Ienín, a ocupación de Nablus, o asedio da Basílica da Natividade de

Belén, ou a máis actual construción do Muro de Separación co que Israel impón as súas fronteiras e disecciona os núcleos de poboación palestinos.

O escenario resultante desta Segunda Intifada, sen un fin cronolóxico claramente definido, caracterízase polos importantes cambios políticos que debuxou nos dous bandos: a caducidade dos tradicionais bloques políticos israelís, os partidos Likud e Laborista, e a perda da hexemonía da OLP e Fatah nos territorios palestinos, coa irrupción nas súas institucións do movemento islamita Hamas. Máis dunha década despois da aperta de mans entre Isaac Rabin e Yassir Arafat que inaugurara as esperanzas, hoxe sabemos que eran demasiado infundadas e que as posturas para acadar unha solución ao longo e enquistado conflito, atópanse afastadas de máis. Se cabe, a construción dun Estado palestino forma parte dunha retórica na que xa non cren nin os propios interesados.

Esta outra mirada que nos ofrece Murado desenmascara a complicidade de EUA e a Unión Europea, asentada tras o 11-S e a invasión de Iraq, e deconstrúe a maquillaxe mediática coa que Israel lexitima o seu proxecto de anexión dos territorios palestinos e a expulsión da súa poboación que, como último recurso, conta só coa súa forza demográfica, elemento que pode cobrar importancia nas vindeiras décadas para redefinir o desolador panorama que ensombrece o seu horizonte.

*Lara Barros Alfaro.*

**Chalmers Johnson, "Nemesis: The Last Days of the American Republic", Nova York, 2006, Metropolitan Books, 354 páxinas.**

“**A** Némesis, na mitoloxía grega, é a deusa da retribución que castiga a transgresión humana da orde natural e o orgullo desmedido que a causa”. Así empeza o novo libro de Chalmers Johnson sobre o que, segundo el, son os últimos días da República estadounidense. Johnson, profesor de ciencias políticas, doutorado pola Universidade de California-Berkeley, veterano da II Guerra Mundial, experto en asuntos asiáticos e analista da CIA desde 1967 a 1973, conclúe con este, o seu terceiro e último libro, a serie denominada *Blowback*, “unha triloxía involuntaria”, que é a súa explicación de como e porqué a caída da única superpotencia do mundo é inevitable e, senón cambia o *status quo*, inminente.

*Blowback*, ademais de ser o título da serie, é o do seu primeiro libro. Publicado en 2000, *Blowback* explica (e defínese como) as repercusións producidas polas accións militares estadounidenses no estranxeiro (normalmente a CIA). Pero non se refire ás guerras, senón ás accións secretas, das cales a sociedade e, na maioría dos casos o Congreso, non saben nada. Por iso, como ocorreu despois do 11-S, os estadounidenses preguntábanse “¿Por que nos odian?” sen ter a

menor idea de como as políticas do seu propio goberno instigaron a xa infame "guerra contra o terror".

O segundo libro da triloxía, *The Sorrows of Empire* (2004), documenta o alcance do exército, coas súas máis de 700 bases militares (recoñecidas) por todo o mundo e como a súa mera existencia e, sobre todo, a conduta dos soldados que as ocupan, viola sistematicamente os dereitos dos que viven ao seu redor. O libro examina os mesmos argumentos de *Blowback*, ampliando o enfoque á presenza aberta de tropas e accións militares no estranxeiro (sen esquecer as secretas) e sitúandono todo no contexto pos-11-S.

*Nemesis* explica como as ambicións de EEUU, a impunidade de actuar paramilitarmente baixo secreto e a de manter decenas de centos de bases por case todo o planeta (a denominada "pegada militar"), representan unha patoloxía imperial pola que se sacrifica a democracia por unha presidencia imperial e descontrolada. Os resultados son fáciles de indicar: a guerra constante e interminable, os ataques do 11-S, o arriscado estado financeiro do país e o abuso do poder e a autoridade gubernamentais.

O mantemento do imperio no estranxeiro (que non conta con colonias senón con bases e o alcance do seu poder) debilita a democracia no ámbito interno. Johnson explícanos o paralelismo entre EUA e os casos dos imperios romano e británico. Un rematou en ditadura e o outro renunciou ás súas colonias para salvar o seu sistema democrático interno. Curiosamente, Johnson menciona que nos seus respectivos cénits, os tres imperios mantiveron ao redor de case 40 bases grandes, encargadas de protexer as súas posesións –o romano tivo 37 no ano 117 a.n.e., o británico tivo 36 en 1898 e EUA tiña 38 en 2005–. Esta mestura de ambición e alcance terminará, segundo Johnson, nunha ditadura militar estadounidense ou o seu equivalente civil.

A construción dunha república, en teoría, serve para impedir este resultado, pero a combinación dun exército enorme e permanente, o *keynesianismo* militar (iniciado en EUA durante a II Guerra Mundial), e un orzamento militar ruinoso, destruíu a estrutura republicana en favor dunha presidencia imperial. Johnson avisa: "Estamos a punto de perder a nosa democracia pola protección do noso imperio. [...] A Némesis persigue a nosa vida como nación libre".

As probas do orgullo e a impunidade estadounidenses –ou máis ben presidenciais– son innumerables. Desde 1947, a CIA actúa como o "exército persoal do presidente", como a Garda Pretoriana, sen ningún mecanismo de control por parte do Congreso ou dos tribunais. Non se sabe que fai nin canto gasta, o que constitúe unha clara violación dos poderes orzamentais por parte do Congreso, codificados na Constitución. Á parte de documentar os abusos militares perpetrados pola existencia de tantas bases alén do territorio estadounidense, Johnson explica como EUA persegue a militarización do espazo, en secreto, claro, como outra medida de protexer e manter o imperio. Todo faise sen a participación do Congreso, a máxima representación da vontade do pobo.

Escrito antes das eleccións do pasado mes de novembro, Johnson recoñece que a culpa do imperio e o perigo que representa para a república non se limita á presente administración en Washington. Entón, *quis custodiet ipsos custodes?* A pesar de que o autor empregue un ton bastante alarmista e pesimista, el é optimista e considera que a sociedade premerá para que o goberno renuncie ao imperio.

*Jared D. Larson.*

**Álvaro Xosé López Mira (coordinador), "O Terceiro Estatuto Galego. Propostas desde a Ciencia Política", Tórculo Edicións, Santiago de Compostela, 2006, 416 páxinas, ISBN: 84-8408-382-9.**

A referencia bibliográfica a reseñar, con extrema brevidade, na presente recensión, está conformada por un conxunto de textos que constitúen outros tantos contributos, cada un deles de diferente autora ou autor, ao debate arredor da reforma do Estatuto de Autonomía da Galiza. Un debate que na altura en que estas liñas son escritas está nun *impasse*, debido á parálise no proceso de reforma estatutaria; mais que voltará a prender cando o proceso reformador for retomado; algo que, con certeza, deberá acontecer, pois semella de senso común evitarse a perda dunha magnífica ocasión para actualizar un texto que, doutro modo, continuaría a ser un obstáculo ou, no mellor dos casos, escasa axuda para a sociedade civil e institucións galegas desenvolvérense en plenitude no mundo actual. É este, precisamente, o presuposto que subxace na práctica totalidade dos artigos que aquí se comentan.

Desde o convencemento, pois, de que a reforma estatutaria galega será retomada máis cedo ou máis tarde, debe dicirse que os diversos textos de que aquí se fala conforman, en conxunto, unha reflexión oportuna, variada, intelixente, de extraordinario valor pedagóxico e, en fin, do maior interese para calquera persoa preocupada coa cousa pública galega que, na medida en que a toda persoa afecta, ben podería ser a ampla maioría da sociedade galega.

O grande punto de encontro dos diversos textos, como se refería con anterioridade, consiste na oportunidade ou até necesidade de se proceder a unha actualización do Estatuto galego, de tal maneira que a práctica totalidade dos artigos ofrecen razóns e propostas, máis ou menos concretizadas segundo os casos, para a reforma. Postúlase a conveniencia da reforma por, por exemplo: recuperar competencias que *de iure* corresponden á Galiza mais que *de facto*, coa integración na UE, lle foron substraídas polas instancias centrais do Estado; mellorar o sistema electoral galego; introducir elementos recoñecedores e paliadores da discriminación das mulleres e aínda doutros grupos; inserir fórmulas que permitan garantir a privacidade das per-

soas e outros dereitos e liberdades fundamentais perante actuais e futuros escenarios de indefensión derivados do uso realizado das Tecnoloxías da Información e Comunicación por parte de institucións públicas e privadas; promover unha máis activa e directa participación da cidadanía e institucións galegas na construción e materialización da UE; recoñecer á Galiza a capacidade de desenvolver unha acción externa pensada desde as súas peculiaridades, nomeadamente a idiomática, que a colocan, nalgún caso, en posición de vantaxe competitiva internacional á hora de se relacionar con determinados países, sendo que na actualidade o potencial desta vantaxe está a ser maioritaria, se non completamente, ignorado e desaproveitado. E aínda son moitos outros os argumentos e propostas que se inclúen nos artigos mais que non caben nesta breve recensión.

Finalmente, será oportuno acrecentar que o subtítulo do libro, "Propostas desde a Ciencia Política", quizá non sexa completamente adecuado ao inducir a pensar á persoa lectora nun conxunto de textos politolóxicos, no sentido estrito: fundados no uso do método científico á hora de se aproximaren ás diversas dimensións da reforma estatutaria. Non. Trátase, antes, dun conxunto de ensaios, de textos con máis ou menos forte e explícita carga opinativa e con diversos graos de rigorosidade argumentativa e sistematismo. O que, debe ficar claro, non resta un ápice de interese ao conxunto de contributos que proceden, en todos os casos, de persoas con sólido curriculum académico e, nalgún en particular, de personalidades da primeira liña intelectual galega.

*Ângelo Gonçalves Vicente.*